



O Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos oficiais dispón no capítulo IV "Enseñanzas universitarias oficiais de Máster", artigo 15.3, que os ensinos de máster "concluirán con la elaboración y defensa pública de un traballo de fin de máster, que tendrá entre 6 y 30 créditos".

O "Regulamento para a realización do Traballo Fin de Máster", aprobado en Consello de Goberno o día 15 de xuño de 2016, sinala no apartado 2 do artigo 7, "Da presentación e defensa do traballo de fin de máster" que "Os centros, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, establecerán as datas de celebración das defensas dos traballos de fin de máster dentro dos límites do calendario académico oficial da Universidade de Vigo.....". Isto supón a posibilidade de que os/as estudantes podan realizar a defensa do seu traballo en distintos momentos que poden ser diferentes no tempo.

Este feito, unido á esixencia dunha acta única por materia, podería ocasionar prexuízos aos estudantes, xa que un estudante avaliado e que superou a defensa do traballo de fin de máster non podería obter a certificación supletoria do título para incorporarse ao mercado laboral, ao ter que esperar á avaliación e posible reclamación doutros estudantes que estivesen incluídos na acta única.

Polo anterior, esta Vicerreitoría dita a seguinte instrución:

1. Os/as estudantes da convocatoria de fin de carreira figurarán nunha acta específica.
2. As actas dos Traballos de fin de máster serán individuais, con indicación do titor/a ou titores/as académicos, do tema defendido polo/a estudante, composición da Comisión avaliadora, denominación, código, créditos e calquera outro que sirva para a súa identificación.
3. Elaborarase unha acta conxunta coa mención de "non presentado" que comprenderá a todos aqueles estudantes matriculados no Traballo de fin de máster que non optaron a ningunha das convocatorias de defensa.

A acta de non presentados estará asinada polo Decano/a, Director/a do centro. Esta sinatura poderá ser delegado no Coordinador/a do máster correspondente.

Vigo, 5 de agosto de 2016

A VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN



Sres/as Decanos/as e Directores de Centros
Sra. Xefa do Servizo de Alumnado e Sr. Xefe da Sección de Posgrao
Sres/as Administradores/as de Centros e de Campus
Sres/as Xefes/as de Administración e de Área Académica